



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro nº 1. E-mail:  
[mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com](mailto:mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com)  
36995. Poio (Pontevedra).  
Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SESENTA E UNHA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA DEZANOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás trece horas e seis minutos do dezanove de agosto de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencia dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Xosé L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. María Alicia Martínez González, D<sup>a</sup>. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D<sup>a</sup>. María Celeste Nieto García, D. Ángel Moldes Martínez, D<sup>a</sup>. María del Mar Villaverde Rosales e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia D. Javier Domínguez Lino, D. Alberto Villaverde Méndez e D. Juan Jose Rodríguez Grandal; asiste en calidade de Interventora acctal. D<sup>a</sup>. Dolores Sartal Alvariñas; asiste como Secretario Xeral D<sup>a</sup>. Paula Ramos Díaz, reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3569.- SOLICITUDE BONIFICACIÓN DO ICIO PARA O EXPTE. Nº 162 A NOME DE FRANCISCO JAVIER MARTÍNEZ ESPERÓN E O EXPTE. Nº 172 A NOME DE OLGA MARTÍNEZ ESPERÓN.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de agosto de 2011 e que di textualmente: "Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. Francisco Martínez Esperón, Expte. Nº 162 en Avda. Da Cruz Nº 36 e de D<sup>a</sup> Olga Martínez Esperón, Expte. Nº 172 en Avda. Da Cruz nº 38 mediante instancias presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Poio os días 25 e 27 de de abril de 2011, respectivamente, nas que solicitan a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de

Construcións, Instalacións e Obras correspondente aos expedientes 162/11 e 172/11, de rehabilitación de edificacións anteriormente sitas en Avda. da Cruz nº 36 e 38 de Combarro.

Consta no expediente informe favorable da Interventora Municipal de data 8 de agosto de 2011.

A Comisión por unanimidade, de conformidade có sinalado no indicado precepto, acordou ditaminar favorablemente a declaración de especial interese das obras correspondentes aos expedientes tramitados polo departamento de urbanismo núm. 162/11 e 171/11, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e a aprobación da bonificación do 95% nas cotas do ICIO devengadas. "

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e polo voto favorable dos membros presentes en exercicio das facultades conferidas no artigo 4.5 d) da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro:** Declarar de especial interese das obras correspondentes aos expedientes tramitados polo departamento de urbanismo núm. 162/11 e 171/11, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

**Segundo:** Aprobar a bonificación do 95% nas cotas do ICIO devengadas.

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención, Tesourería e Urbanismo para a realización dos trámites que procedan e ao solicitante con indicación dos recursos que procedan en dereito.

3570.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEMP EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ÁS EE.LL.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de agosto de 2011 e que di textualmente: "Dáse conta do expediente e do Convenio de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincia en materia de subministración de información de carácter tributario ás Entidades Locais e do informe da secretaria xeral de data 12 de agosto de 2011.

O Sr. Domínguez Lino pregunta se sería o propio concello o

que emitiría o informe.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que si pero que que a persoa ten que autorizalo.

O Sr. Domínguez Lino pregunta a razón pola que se tramita no momento actual un convenio que se ten asinado no exercicio 2003.

A secretaria xeral da conta aos asistentes do interese que para o propio concello e para os cidadáns poda ter a aplicación do mesmo, entre outras razóns, en orde a axilizar as actuacións desenvolvidas en distintos expedientes de contratación, de concesión de axudas etc en relación coa acreditación do cumprimento polos interesados ou polo propio concello da situación de estar ao corrente das obrigas tributarias ou de datos relativos ao IRPF.

A Comisión, en votación ordinaria e polo voto favorable da totalidade dos asistentes, acordou ditaminar que se preste aprobación á adhesión íntegra ao Convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministro de información de carácter tributario."

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e polo voto favorable dos membros presentes, en exercicio das facultades conferidas polos artigos 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar á adhesión íntegra ao Convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministro de información de carácter tributario.

**Segundo:** Comunicar o presente acordo á Delegación da Axencia Tributaria xunto coa documentación enumerada na cláusula oitava do devandito convenio.

3571.- ALTERACIÓN DE PORCENTAXES GASTOS PLURIANUAIS DAS OBRAS INCLUIDAS NA MEMORIA "ADECUACIÓN E MODERNIZACIÓN DE EQUIPAMENTOS COMERCIAIS DENTRO DO PLAN RECOMERCIO AVDA. ANDURIQUE" E APROBACIÓN CAMBIO DE FINALIDADE DO REMANENTES DE CRÉDITO PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de agosto de 2011 e que di textualmente: " Abre este punto da orde do día a secretaria dando conta aos asistentes do escrito de Alcaldía de 8 de agosto de 2011 no que se pon de manifesto que a recepción de comunicación da Consellería de Economía e Industria relativa a concesión dunha subvención para a

financiación do proxecto "Adecuación e modernización de equipamentos comerciais dentro do Plan Comercia Avenida Andurique" por importe de 70.000 euros distribuídos en dous anualidades, correspondendo 7.500 euros ao ano 2011 e 62.500,00 euros ao exercicio 2012, sen que exista con cargo ao orzamento xeral municipal crédito para afrontar a aportación municipal.

Con data 10 de agosto de 2010 incorpórase ao expediente proposta da Alcaldía na que se inclúen como pronunciamentos:

"...

Primeiro: aprobar o cambio de finalidade do remanentes de crédito para gastos con financiación afectada adicado ao investimento "Muros en Pé da Porta e a Coruxa", que se atopa retido na aplicación 453.60900, no importe de 2.500€, e adicalo ao investimento "Adecuación e modernización de equipamentos comerciais dentro do Plan Comercia Avenida Andurique" co fin de financiar a aportación municipal ao investimento no actual exercicio 2011.

Segundo: con relación ao investimento "Adecuación e modernización de equipamentos comerciais dentro do Plan Comercio Avenida Andurique", prevendo que o importe a executar na presente anualidade 2011 ascenderá unicamente ao importe de 10.000€ e que, na vindeira anualidade 2012 ascenderá ao importe de 90.000€ (90% do importe do proxecto a contratar) e, por tanto, en virtude do exposto no informe de Intervención, non se cumpriran os límites establecidos para os investimentos no Real Decreto 500/90 e no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (artigo 174) que establecen que as cantidades que se imputen a exercicios futuro non poderán exceder do 70% do crédito inicial na segunda anualidade: se solicita ao Pleno da Corporación autorice a alteración das porcentaxes establecidas legalmente."

Constan no expediente informes desfavorables de secretaría e de intervención de 9 e 10 de agosto de 2011.

A Comisión, en votación ordinaria e polo voto favorable da totalidade dos asistentes, adoptou o seguinte ditame:

Primeiro.-Aprobar o cambio de finalidade do remanentes de crédito para gastos con financiación afectada adicado ao investimento "Muros en Pé da Porta e a Coruxa", que se atopa retido na aplicación 453.60900, no importe de 2.500€, e adicalo ao investimento "Adecuación e modernización de equipamentos comerciais dentro do Plan Comercio Avenida Andurique" co fin de financiar a aportación municipal ao investimento no actual exercicio 2011.

Segundo.- Alterar as porcentaxes fixadas para os investimentos no Real Decreto 500/90 e no Texto Refundido da

Lei Reguladora das Facendas Locais (artigo 174) que establecen que as cantidades que se imputen a exercicios futuros non poderán exceder do 70% do crédito inicial na segunda anualidade, para dar cobertura ao crédito asignado para o exercizo 2012 do investimento "Adecuación e modernización de equipamentos comerciais dentro do Plan Comercio Avenida Andurique".

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e polo voto favorable dos membros presentes, de conformidade có establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.**-Aprobar o cambio de finalidade do remanentes de crédito para gastos con financiación afectada adicado ao investimento "Muros en Pé da Porta e a Coruxa", que se atopa retido na aplicación 453.60900, no importe de 2.500€, e adicalo ao investimento "Adecuación e modernización de equipamentos comerciais dentro do Plan Comercio Avenida Andurique" co fin de financiar a aportación municipal ao investimento no actual exercicio 2011.

**Segundo.**- Alterar as porcentaxes fixadas para os investimentos no Real Decreto 500/90 e no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (artigo 174) que establecen que as cantidades que se imputen a exercicios futuros non poderán exceder do 70% do crédito inicial na segunda anualidade, para dar cobertura ao crédito asignado para o exercizo 2012 do investimento "Adecuación e modernización de equipamentos comerciais dentro do Plan Comercio Avenida Andurique"

3572.- FESTAS LOCAIS 2012.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de agosto de 2011 e que di textualmente: "Dáse conta á Comisión do expediente tramitado a instancia da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo, Servizo de Relacións Laborais mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Poio con data 20/07/2011, núm. 4077, no que solicita que se realice a proposta das festas locais para o ano 2012.

O Sr. Martínez Blanco pon en coñecemento da Comisión, que o día de 24 de xuño, San Xoán, coincide en domingo polo que propón que pase ao luns 25 de xuño.

A Comisión, en votación ordinaria e polo voto favorable da totalidade dos asistentes, adoptou o seguinte ditame:

**Primeiro.**- Fixar como festas locais do Concello de Poio para o ano 2012, o 25 de xuño, San Xoán (en substitución do día

24 de xuño) e o día 24 de setembro, Nosa Señora da Mercé"

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e polo voto favorable dos membros presentes, en exercicio das facultades conferidas polos artigos 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.**- Fixar como festas locais do Concello de Poio para o ano 2012, o 25 de xuño, San Xoán (en substitución do día 24 de xuño) e o día 24 de setembro, Nosa Señora da Mercé

3573.- PROPOSTA ALCALDÍA TRASLADO MESAS "A" E "B" DO LOCAL ELECTORAL UBICADO NA CONFRARIA DE PESCADORES DE RAXÓ.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de agosto de 2011 e que di textualmente: " Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 10 de agosto de 2011 que, textualmente, di o seguinte: " Desde hai moitos anos a Confraría de Pescadores "San Gregorio de Raxó", por medio do seu Patrón Maior, concedíanos a autorización para a utilización da Confraría como local electoral en Raxó, nas distintas eleccións que se viñeron realizando no territorio nacional, por non dispoñer este Concello de Poio dun local propio na parroquia. Dado que actualmente este Concello de Poio dispón do local "Casa de Cultura **Xaime Isla Couto**" no lugar de Raxó é polo que esta Alcaldía **PROPÓN** o traslado do local electoral onde se ubican as mesas electorais A e B do Distrito 02, Sección 003, correspondentes á Parroquia de Raxó que se viña utilizando na "Confraría de Pescadores "San Gregorio de Raxó" para o local da "Casa de Cultura **Xaime Isla Couto**" na Rúa da Igrexa nº 16 do lugar de Raxó. E que pase este acordo á Unidade de Estatística para que o comunique á Oficina do Censo Electoral para realizar as modificacións oportunas, e tamén que se comunique ao Patrón Maior da Confraría de Pescadores "San Gregorio de Raxó" agradecéndolle a disposición de dito local durante o tempo que se utilizou para fins electorais."

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar favorablemente dita proposta para os efectos da súa aprobación polo Pleno. "

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e polo voto favorable dos membros presentes adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.**- Aprobar o traslado do local electoral onde se ubican as mesas electorais A e B do Distrito 02, Sección 003, correspondentes á Parroquia de Raxó que se viña utilizando na "Confraría de Pescadores "San Gregorio de Raxó" para o local da

"Casa de Cultura **Xaime Isla Couto**" na Rúa da Igrexa nº 16 do lugar de Raxó.

**Segundo.-** Comunicar o presente acordo á Unidade de Estatística para que o comunique á Oficina do Censo Electoral para realizar as modificacións oportunas, e tamén que se comunique ao Patrón Maior da Confraría de Pescadores "San Gregorio de Raxó" agradecéndolle a disposición de dito local durante o tempo que se utilizou para fins electorais

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás trece horas e quince minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.